

## 3. SALA DE EXPOSICIÓN

---

A Sala de Exposicións é unha plataforma e foro de expresión para artistas moz@s e colectivos de interese xuvenil, adicado a dar a coñecer distintos xeitos de creación artística, que abranguen dende o debuxo ou a pintura ata fotografía, manualidades ou traballos de obradoiros.

### 3.1. Servizos

---

- Un espazo físico onde poder expoñer
- Elaboración de publicidade
- Divulgación das mostras
- Información

### 3.2. Compromisos cos usuarios e usuarias

---

- **Exposicións:** comprometémonos a realizar un mínimo de 15 exposicións anuais, sempre que haxa demandas suficientes para elo.
- **Publicidade:** elaboramos a publicidade correspondente a cada rolda de exposicións, que engloba unha media de 6-8 exposicións. Esta publicidade consiste nun cartel común (cunha tirada de 400 exemplares) no que figuran os datos relevantes de cada exposición así como unha foto dunha das obras de cada expositor.
- **Divulgación:** enviamos publicidade a centros, institucións e organismos, tanto públicos como privados, relacionados co mundo da arte e tamén a aqueles lugares onde acoden moz@s interesad@s por esta modalidade cultural. Tamén nos comprometemos a enviar información aos medios de comunicación para a súa difusión. Ao comezo de cada mostra enviamos unha nota de prensa para a axenda local dos xornais (Faro de Vigo, Voz de Galicia, Atlántico Diario) e para diversos medios de comunicación (televisións, páxinas web, etc) para ser publicadas mentres dure a exposición.
- **Información:** facilitámosvos os enderezos doutras salas da cidade onde poder expoñer, así como información de actividades que se están a levar a cabo relacionadas coas vosas expresións artísticas.
- **Visitas:** mantemos a sala aberta para visitas no seguinte horario: de luns a venres de 9:00 a 14:00 h e de 17:00 a 21:00h, excepto no mes de agosto que permanecerá pechada. Nalgunhas das exposicións, e dependendo dos expositores que así o desexen, poderán realizarse visitas pedagóxicas guiadas, previa inscrición.

### 3.3. O que esperamos dos usuarios e usuarias

---

- Coidado e bo uso da sala, tanto cando montedes e desmontedes a exposición como cando a visitades.
- Cando remate a vosa exposición, colocade todo no seu respectivo lugar e deixade a sala tal e como a atopastes.
- Se considerades que hai lugares onde debería colocarse a publicidade e que nós non cubrimos, facédella chegar.
- Respectar as datas marcadas tanto para a exposición como para a súa montaxe e desmontaxe.
- Se tendes algunha suxestión que facemos, non o dubidedes; axudarédesnos a mellorar o servizo.

- Se dispodes dalgunha información que consideredes de interese facédenola saber para poder compartila con outros mozos e mozas.

### 3.4. Como acceder

---

- Para poder expoñer nesta sala tendes que cubrir unha ficha de solicitude que podedes atopar na Casa da Xuventude (r/López Mora,31) e nas web [www.xuventudevigo.org](http://www.xuventudevigo.org) ou [www.vigo.org](http://www.vigo.org) . Sería tamén recomendable que axuntarades o voso currículum e unha fotografía dalgunha das obras que desexades expoñer.
- Se tendes algunha dúbida, poñédevos en contacto connosco:

Casa da Xuventude r/ López Mora, 31 – 36211 Vigo

Tlfno.: 986 294 806

Fax :986 294 934

[xuventude@vigo.org](mailto:xuventude@vigo.org)

[www.xuventudevigo.org](http://www.xuventudevigo.org)

### 3.5. Indicadores de funcionamento

---

Indicadores básicos:

- N<sup>o</sup> de demandas recibidas
- N<sup>o</sup> exposicións realizadas en cada rolda
- N<sup>o</sup> exposicións realizadas no ano
- N<sup>o</sup> de visitantes xeral
- N<sup>o</sup> de colectivos informados: institutos, medios, salas, comercios, institucións e outros.
- Cantidade de aparicións e reseñas na prensa.
- N<sup>o</sup> de proxectos posteriores á mostra do expositor/a.
- Cantidade de carteis realizados.
- N<sup>o</sup> de demandas presenciais de información
- Porcentaxe de demandas presenciais atendidas no momento
- N<sup>o</sup> de demandas telefónicas para información
- Porcentaxe de demandas telefónicas atendidas no momento
- N<sup>o</sup> de demandas de información por fax
- Porcentaxe de demandas por fax atendidas antes de tres días
- N<sup>o</sup> de demandas de información por correo electrónico recibidas
- Porcentaxe de demandas por correo electrónico atendidas antes de tres días

Outros indicadores:

- ▶ Porcentaxe de mostras pedagóxicas.
- ▶ Porcentaxe de exposicións individuais.
- ▶ Porcentaxe de exposicións colectivas.
- ▶ Porcentaxe de visitantes das mostras pedagóxicas.
- ▶ Porcentaxe de expositores que coidaron e respectaron a sala.